

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Corrección de erros.-Orde do 4 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento e mellora do Cabalo de Pura Raza Galega, e se convocan para o ano 2009.*

Advertido erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 240, do 11 de decembro de 2008, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 22.003, no punto 3º da letra c) No caso das paradas de sementais do artigo 4.2º, onde di: «Os sementais terán que ser aptos para a reprodución e ter unha puntuación mínima de 75 puntos», debe dicir: «Os sementais terán que ser aptos para a reprodución e ter unha puntuación mínima de 65 puntos».

*Corrección de erros.-Orde do 17 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios, e se convocan para o ano 2009.*

Advertidos erros na Orde do 17 de decembro de 2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 248, do 23 de decembro, cómpre facer as oportunas correccións:

-Na páxina 22.926, no artigo 11º, engadiranse os seguintes puntos 5 e 6:

«5. Cando, sendo titular dunha explotación agraria cuxa marxe neta non supere o 20% da renda de referencia, pase a ser titular dunha explotación prioritaria, ademais de cumprir os requisitos do artigo 10º.1, terase en conta:

-Que a persoa moza solicitante sexa titular de explotación agraria, o cal se acreditará coa inscrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

-Que a explotación non teña recibido axudas para o plan de mellora nin primeira instalación, nin tivese a cualificación de explotación prioritaria (agás se estivese situada en zona de montaña).

-Que a marxe neta da explotación sexa inferior ao 20% da renda de referencia.

-Que na última declaración do IRPF da persoa solicitante debe acreditar unha renda agraria inferior ao 20% da renda de referencia.

6. Cando, sendo titular dunha explotación agraria cuns niveis de dedicación de tempo e traballo e de renda unitaria deste inferiores aos mínimos establecidos para os titulares de explotacións prioritarias,

acaden esta consideración en calidade de agricultor a título principal, ademais de cumprir os requisitos do artigo 10º.1, terase en conta:

-Que a persoa moza solicitante sexa titular de explotación agraria, o cal se acreditará coa inscrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

-Que a explotación non teña recibido axudas para plan de mellora nin primeira instalación, nin tivese a cualificación de explotación prioritaria (agás se estivese situada en zona de montaña).

-Que a marxe neta da explotación sexa inferior ao 35% da renda de referencia.

-Que na última declaración do IRPF da persoa solicitante debe acreditar unha renda agraria inferior ao 35% da renda de referencia».

-Na páxina 22.926, no artigo 12º, punto 3, onde di: «... non poderán superar os 50.000 euros nin o importe dos gastos e investimentos da instalación realizados», debe dicir: «... non poderán superar os 52.000 euros nin o importe dos gastos e investimentos da instalación realizados».

-Na páxina 22.934 engadirase á disposición derradeira primeira o seguinte texto:

«... as cales serán publicadas na web da Consellería do Medio Rural».

-Nas páxinas 22.938, 22.944 e 22.950 no punto 5 dos impresos MR404A, MR405A e MR409A, respectivamente, engadirase o seguinte parágrafo: «Colocar unha placa ou un panel explicativo, segundo os investimentos aprobados superen un custo total de 50.000 ou 500.000 euros, respectivamente, no cal figurará a bandeira europea, de acordo coas normas gráficas establecidas na regulamentación comunitaria, xunto co lema Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste nas zonas rurais».

Na páxina 22.938 no punto 7 do impreso MR404A e nas páxinas 22.944 e 22.950 no punto 6 dos impresos MR405A e MR409A, respectivamente, engadirase o seguinte parágrafo: «3. Á Consellería do Medio Rural, durante todo o período de compromisos, para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia».

-Na páxina 22.950, no punto 5, parágrafo segundo do impreso MR409A, onde di: «...durante seis anos a partir da aprobación do plan», debe dicir: «... durante seis anos desde a presentación da solicitude».